

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 25.1 da Constitución Española,

- A) Ninguén pode ser condenado ou sancionado por accións ou omisións que no momento de producirse non constitúan delicto, falta ou infracción administrativa, segundo a lexislación vixente naquel momento.
- B) Ninguén pode ser condenado ou sancionado por accións que no momento de producirse non constitúan delicto, falta ou infracción administrativa.
- C) Ninguén pode ser condenado por accións ou omisións que no momento de sancionarse non constitúan delicto, falta ou infracción administrativa.
- D) Ningunha opción é correcta.

2. Está clasificada como falta disciplinaria moi grave no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) O abuso de autoridade no exercicio das súas funcións.
- B) A incorrección cos superiores, compañeiros, subordinados ou usuarios.
- C) O abandono do servizo.
- D) O encubrimento, consentimento ou cooperación con calquera acto á comisión de faltas graves.

3. De acordo co establecido no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) O persoal seleccionado polo sistema de promoción interna terá preferencia para a elección de praza respecto do persoal seleccionado polo sistema de acceso libre.
- B) O persoal seleccionado polo sistema de promoción interna nunca terá preferencia para a elección de praza respecto do persoal seleccionado polo sistema de acceso libre.
- C) O persoal seleccionado polo sistema de acceso libre terá preferencia para a elección de praza respecto do persoal seleccionado polo sistema de promoción interna.
- D) Ningunha opción é correcta.

4. A función de vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais corresponde a:

- A) Á Axencia Galega de Prevención de Riscos Laborais.
- B) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- C) Á Organización Internacional do Traballo.
- D) Ningunha opción é correcta.

5. Dacordo co establecido no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde,

- A) El persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo á función desenvolvida, ao nivel do título esixido para o ingreso e ao tipo do seu nomeamento.
- B) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo unicamente á función desenvolvida.
- C) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo ao tipo, duración e orixe do seu nomeamento.
- D) Ningunha opción é correcta.

6. Dacordo coa Lei de saúde de Galicia, son dereitos sanitarios:

- A) O dereito á integridade física e psíquica.
- B) O dereito das persoas incapacitadas a estar acompañadas polos responsables legais da súa garda e protección.
- C) O dereito a renunciar a recibir información.
- D) Todos os anteriores son dereitos sanitarios.

7. De acordo co establecido no artigo 6 da Lei Xeral de Sanidade, as actuacións das Administracións Públicas Sanitarias están orientadas:

- A) Á promoción da saúde.
- B) A promover o interés individual, familiar e social pola saúde mediante a axeitada educación sanitaria da poboación.
- C) A garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde.
- D) Todas as respostas son correctas.

8. Segundo o artigo 11.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia,

- A) O Parlamento será elixido por un prazo de cinco anos, dacordo cun sistema de representación proporcinal.
- B) El Parlamento será elixido por un prazo de catro anos, dacordo cun sistema de representación directa.
- C) O Parlamento será elixido por un prazo de catro anos, dacordo cun sistema de representación proporcional que asegure, ademáis, a representación das diversas zonas do territorio galego.
- D) Ningunha opción é correcta.

9. Dacordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos digitais,

- A) O tratamento dos datos persoais dun menos de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de doce anos.
- B) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de catorce anos.
- C) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de dazaoito anos.
- D) Ningunha resposta é correcta.

10. Segundo o artigo 116 da Constitución Española,

- A) O estado de alarma será declarado polo Tribunal Supremo.
- B) O estado de alarma terá un prazo inicial dun mes.
- C) O estado de alarma será declarado polo Goberno mediante decreto acordado en Consejo de Ministros.
- D) O estado de alarma será declarado polo Senado mediante decreto.

1. Segundo o artigo 43.2 da Constitución Española,

- A) Compete ao Goberno organizar e tutelar a saúde pública a través das prestacións e servizos necesarios.
- B) Compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- C) Compete ao Parlamento organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas.
- D) Ningunha opción é correcta.

2. O empresario aplicará as medidas que integran o deber xeral de prevención, con arreglo aos seguintes principios xerais:

- A) Evitar os riscos.
- B) Avaliar os riscos que non se podan evitar.
- C) Ter en conta a evolución da técnica.
- D) Todas as respostas son correctas.

